

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 16 DE MAIO DE 2007.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás nove horas e sete minutos do día dezaseis de maio do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia dos tenentes de alcalde, D. Moisés Rivadulla Fernández, D. Evaristo Deus Deus e Dna. Margarida Corral Sánchez. Asiste tamén a interventora Dna. Vanessa García Barreiro. Actúa como secretaria accidental a funcionaria, D^a. M^a. Raquel Paz Gabín.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, REALIZADA O DÍA 11.05.07.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día 11 de maio de 2007.

2.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA ADQUISICIÓN DUN LOCAL PARA CENTRO SOCIAL MUNICIPAL PARA AS PERSOAS MAIORES DE MUGARDOS.

Tendo en conta a proposta de adxudicación efectuada pola Mesa de Contratación a favor de D. Ramón Boado Pazos e outros, para a adquisición dun local sito en R/ Castelao, 1, de referencia catastral 0424029NJ6102S para destinalo a centro social municipal para as persoas maiores de Mugar dos, no prezo de 184.000 euros, IVE ou impostos sobre transmisión incluídos.

Atendidos os informes de secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, así como o informe pericial emitido polo arquitecto técnico municipal D. Jorge Durán Paineiras, en data 10.05.07, obrante no expediente, do que resulta que o devandito local ten un valor de mercado actual de 192.625,72 €, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

- 1.- Declarar válida a licitación e, en consecuencia, resolve-lo concurso de adquisición dun local para centro social municipal para as persoas maiores de Mugar dos tal e como segue:
- Adquirir aos/ás propietarios/as que deseguido se relacionan o seguinte local:

PROPIETARIOS/AS	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE	PREZO
RAMON BOADO PAZOS E OUTROS	0424029NJ6102S	227 M2	184.000 €

- 2.- Autorizar e aproba-lo gasto pola contía total de 184.000 euros, con cargo á partida 2007.1.313.0.62200 do orzamento vixente, prorrogado do 2006.

- 3.- Que se notifique ós/ás adxudicatarios/as o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lles requira para que procedan á formalización e elevación a escritura pública do mesmo, dentro do prazo de trinta días, a contar do seguinte ó da notificación da presente adxudicación.

4.- Facultar ó sr. Alcalde, D. Xosé Fernández Barcia para que, en representación do Concello, proceda á formalización da correspondente escritura pública de compravenda e para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

3.- APROBACIÓN DO GASTO.

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 308/2003 de 18 de xuño de 2003, modificada pola Resolución da Alcaldía 665/2003 de 30 de decembro, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 18º das Bases de Execución do Orzamento de 2006, prorrogado para o 2007, coa aplicación orzamentaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

Rex.	Fact	Partida	Provedor e Concepto	Importe
799	161	2007.0.432.0.21000	PASCUAL MARTINEZ, S.L. SUBSTITUCION PAVIMENTO DE ACERA, R/ XESTEIRA	3.114,04 €
800	162	2007.0.432.0.21000	PASCUAL MARTINEZ, S.L. SUBMINISTRO E INSTALACION BOLARDOS R/ XESTEIRA	2.091,47 €
810	1158	2007.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU PLANTA DE NARON, MES ABRIL	9.524,22 €
812	344	2007.0.442.0.22711	L.SECOPE S.A. SERVIZO RECOLLIDA ENSERES, MES ABRIL	3.200,00 €
817	151	2007.0.451.0.22715	SIDECU, S.L. PRESTACION DE SERVIZOS PERSOAL TECNICO DAS ESCOLAS MUNICIPAIS CULTURIAIS, PINTURA, INFORMTICA, MUSICA, PREPARACION DAS CLASES DE APOIO E ESCOLAS DE MUSICA, E PERSOAL APOIRO AREA CULTURAL, MES DE MARZO	7.700,39 €
819	155	2007.0.452.0.22715	SIDECU, S.L. PRESTACION DE SERVIZOS, PERSOAL TECNICO DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, XIMNASIA, TENIS, TAICHI, TIRO CON ARCO, IOGA, PATINAXE, PREDEPORTE E PERSOAL DE APOIO AREA DE DEPORTES, MES MARZO	2.985,60 €

4.- ADXUDICACIÓN DOS TRABALLOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA

INCENDIOS FORESTAIS NÚCLEOS RURAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS.

Publicado anuncio de licitación polo procedemento negociado, relativo ao asunto epigrafiado, no xornal "La Voz de Galicia" de 17.04.07 sen que no prazo de licitación, transcorrido do 18 ao 24 de abril de 2007, se tivera presentado licitador/a algún.

Remitada invitación a dúas empresas capacitadas para a execución de ditos traballos e vista a única oferta presentada no prazo de licitación, transcorrido do 4 ao 10 de maio do actual, polo licitador D. BEGASUCEGSA, que ofrece o prezo de 775€/hectárea, cun máximo de 30.000 €, IVE incluído, o que supón unha baixa de 0 euros, en relación co tipo de licitación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar á empresa D. BEGASUCEGSA o contrato de prestación de servizos para a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais nas faixas de especial protección, no prezo de 775 €/hectárea, cun máximo de 30.000 €, IVE incluído.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2007.0.511.0.21000 do vixente presuposto, prorrogado do 2007.

3º.- Que se notifique ao adxudicatario o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de cinco días naturais, contados a partir da notificación, proceda a constituír a garantía definitiva polo importe de 1.200 euros, así como á formalización do contrato administrativo dentro do prazo de dez días, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación.

5.- LICENZAS DE OBRAS.

LICENZAS DE OBRAS MAIORES:

Visto o informe emitido pola arquitecta asesora en materia de urbanismo, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, a seguinte licenza de obras.

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos/as técnicos/as directores/as e do/a contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-D. ALEJANDRO MARIÑO GRAÑA en representación de ASESORES Y GESTORES INMOBILIARIOS SILMACOR S.L. (EXPTE. 20/2007) segundo solicitude de data 15 de febreiro de 2007, para construción de edificio planta soto, planta baixa, tres plantas e planta baixo cuberta, para 26 vivendas e 26 prazas de garaxe, na R/ Rosalía de Castro, referencia catastral: 9824403NJ5192S, segundo proxecto básico e anexo redactados polo arquitecto D. Manuel Porto Vila e visados polo C.O.A.G. en datas 11.01.2007 e 08.05.2007 respectivamente. Unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (7.246,73 €) e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (365,85

m²).

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-D, Solo Urbano Denso.

A finalidade da licenza a construción dun edificio para destinalo a vivendas (26) e garaxes (26 prazas)

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) Parcela mínima (neta)	357,05 m ²	150,00 m ²
b) Fachada mínima	cumpre	6,00 m.
c) Aliñacións interiores	12,00 m.	12,00 m.
d) Voos sobre rasante	0,80 m / 0,30 m	0,80 m / 0,30 m
e) Ocupación voo	60 %	60 %
f) Altura	B + 3 + Bc	B + 3 + Bc
g) Cuberta	cumpre	art. 84
h) Garaxes	26	1 praza / viv.
i) Chafláns	cumpre	art. 78 e 212

O arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto D. Manuel Porto Vila e o arquitecto técnico director das obras é D. Manuel Guillermo Antón Villamil.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Para a apertura do garaxe deberá contar coa preceptiva licenza de actividade, de acordo co Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961.

Deberá solicitar autorización de produtor de residuos de construción e demolición segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico.

Previo ao inicio das obras deberá presentar proxecto de execución e urbanización e obter o preceptivo permiso de inicio das obras.

6.- APROBACIÓN DA CONTA DE RECADACIÓN CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2006.

Visto o resumo presentado polo Recadador Municipal, relativo á xestión realizada, en concepto de impostos e taxas, do exercicio 2006, e tendo en conta o informe da Tesourería municipal, que obra no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Aproba-la Conta de Recadación relativa ó exercicio 2006, sendo o resumo tal e como de seguido se indica:

* Xestión realizada correspondente ó exercicio 2006 en concepto de impostos e taxas:

CONCEPTO	APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	IVE	CANON	RECARGO PROVINCIAL	TOTAL
Recoñecemento de dereitos	1847189,87	6236,23	45497,97	13942,68	1912866,75
Ingresos	1635455,71	5976,85	43917,93	13877,48	1699227,97
Dereitos anulados	3872,72	0	0	0	3872,72
Pendente de cobro	207861,44	259,38	1580,04	65,20	209766,06

* Ingresos recadados en concepto de impostos e taxas relativos a exercicios pechados no exercicio 2006:

CONCEPTO	ANO 2001	ANO 2002	ANO 2003	ANO 2004	ANO 2005	TOTAL
IBI rústico	47,50	42,17	43,01	24,66	67,57	224,91
IBI urbano	127,27	645,87	719,21	999,72	6272,15	8764,22
IVTM	103,55	93,31	341,86	827,26	1622,99	2988,97
IIVTNU				1470,85	3442,92	4913,77
IAE					1281,64	1281,64
ICIO			335		11688,49	12023,49
Taxas	188,55	556,28	1235,27	1995,85	73123,53	77099,48
Alugueiros			472,75	1321,92	1,27	1795,94
Reintegro préstamos					3225	3225
TOTAL	466,87	1337,63	3147,10	6640,26	100725,56	112317,42

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretaria accidental da corporación, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE